

Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos


Datos correspondentes a maio de 2025

Data de publicación: 16/07/2025

Principais resultados

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra un crecemento interanual do 2,2% no mes de maio.
- En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,2%.
- O persoal ocupado no sector servizos medra un 1,2% en Galicia e un 1,3% en España.

Indicador de actividade do sector servizos. Cifra de negocios
Taxa de variación interanual (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividade del sector servizos

1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

En maio, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un crecemento interanual do 2,2%. Esta taxa é dous puntos superior á rexistrada no mes de abril. En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,2%, taxa superior en 1,4 puntos á do mes de abril.

A facturación en "Comercio" aumenta o 1,3% e en "Outros servizos" o 4,3%. En España a facturación aumenta o 2,7% en "Comercio" e o 2,9% en "Outros servizos".

Índices de cifra de negocios. Maio 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	134,2	2,2	3,8
Comercio	133,2	1,3	2,9
Venta e reparación de vehículos de motor	154,8	10,1	-3,8
Comercio por xunto	134,1	-0,7	4,1
Comercio ao retallo	123,5	4,5	2,2
Outros servizos	136,9	4,3	6,2
Transporte	145,6	2,8	4,8
Hostalería	171,0	8,8	6,9
Información e comunicacións	128,6	-1,9	-0,4
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	117,9	4,6	14,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	128,6	9,7	10,3
España			
Xeral	131,5	3,2	4,1
Comercio	128,3	2,7	3,8
Venta e reparación de vehículos de motor	149,3	5,6	4,9
Comercio por xunto	123,1	1,2	3,9
Comercio ao retallo	133,0	4,7	3,3
Outros servizos	137,4	3,9	4,6
Transporte	139,8	3,0	4,6
Hostalería	175,8	6,3	4,7
Información e comunicacións	119,7	3,0	2,5
Actividades inmobiliarias	127,7	11,1	10,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	124,8	2,9	4,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	161,4	2,4	5,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Nas actividades comerciais, diminúe a cifra de negocios de “Comercio por xunto” (-0,7%) mentres que aumenta en “Venta e reparación de vehículos de motor” (10,1%) e “Comercio ao retalho” (4,5%). A nivel nacional, aumenta a cifra de negocios nos tres sectores: en “Venta e reparación de vehículos de motor” o 5,6%, en “Comercio por xunto” o 1,2% e en “Comercio ao retalho” o 4,7%.

En “Outros servizos”, os maiores crecementos rexístranse en “Hostalería” (8,8%) e “Actividades administrativas e servizos auxiliares” (9,7%). En España, os maiores incrementos prodúcense en “Actividades inmobiliarias” (11,1%) e “Hostalería” (6,3%).


1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 2,7% en maio.

Os sectores con maiores incrementos son “Hostalería” (8,9%) e “Actividades administrativas e servizos auxiliares” (7,7%).

1.3 Datos corrixidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 4,6% respecto ao mes de maio do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 3,9%.




Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

1.4. Indicadores por comunidades autónomas

A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de maio respecto ao mesmo mes de 2024. A Rioxa (6,8%) e Illas Baleares (6,2%) rexistran os maiores incrementos da facturación. Pola contra, os menores crecementos rexístranse en Rexión de Murcia (1,4%) e Principado de Asturias (1,6%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,2% respecto a maio de 2024 e un 1,3% en España.

O persoal ocupado crece un 0,5% en "Comercio" e un 1,6% en "Outros servizos". O sector con maior incremento é "Transporte" (5,4%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,2% en "Comercio" e un 1,4% en "Outros servizos". Os maiores crecementos rexístranse en "Venta e reparación de vehículos de motor" e "Transporte" (ambos os dous 2,0%).

Indicador de actividade do sector servizos. Persoal ocupado.
Taxa de variación interanual (%)




Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

O emprego no sector servizos increméntase en todas as comunidades autónomas agás Andalucía (-0,2%) no mes de maio. As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Illas Baleares (3,4%) e Comunidade Foral de Navarra (2,9%).

Índices de persoal ocupado. Maio 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.